



ANUNCIO

Mediante decreto de Alcaldía núm. 122/2026, de data 26 de marzo de 2026, acordou a aprobación da convocatoria e Bases reguladoras para a selección contratación laboral temporal de 1 albanel (oficial de segunda) e 4 peóns ordinarios en réxime laboral temporal ao abeiro do Plan PEL-CONCELLOS 2026 que se transcriben a continuación.

O prazo de presentación da solicitude é de **10 DIAS NATURAIS** contados dende o seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Publicase as bases de contratación e modelo de instancia, sendo o contido o anexo:

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Valdoviño, na data indicada á marxe.

O alcalde, Alberto González Fernández.

“BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UN ALBANEL (OFICIAL DE SEGUNDA) E CATRO PEÓNS ORDINARIOS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL

PRIMEIRA.- Obxecto

En virtude do Extracto da Resolución de Presidencia publicada no BOP N° 197 de data 15 de outubro de 2025, aprobáronse as bases reguladoras do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da Provincia PEL Concellos 2026 e de conformidade coa Resolución 2026/7246, do 23 de febreiro de 2026 pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes a devandita convocatoria, a Deputación de A Coruña concede ao Concello de Valdoviño unha subvención por importe de 43.000 € para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da Provincia, anualidade 2026.

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación laboral temporal de 4 peóns e 1 albanel, todos desempregados en situación de exclusión, para a realización das actuacións incluídas no Programa PEL-Concellos.

SEGUNDA- Modalidade de contratación, duración do contrato , retribucións.

De conformidade co establecido na disposición adicional novena (Contratos vinculados a programas de activación para o emprego) da Lei do Emprego, aprobada polo Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro e ao encadrarse esta contratación dentro do Plan de Emprego Local (PEL) da Deputación Provincial, o contrato de traballo será de

duración determinada para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, a tempo parcial (código 505).

A duración do contrato é cinco meses a xornada parcial, 75 % da xornada (30 horas semanais).

O horario se distribuirá segundo as necesidades e organización dos servizos municipais de luns a domingo.

Neste contexto, as retribucións brutas mensuais do albanel oficial de segunda ascenderán a 1.065,75 € e o salario bruto dos peóns ordinarios será 915,75 € mensuais, máis a paga extra prorrateada para ambas categorías laborais.

TERCEIRA.- Tarefas a desenrolar polo persoal contratado

As tarefas a desenrolar polo persoal laboral temporal contratado ao abeiro do Programa de Integración Laboral subvencionado pola Deputación de A Coruña, anualidade 2026, estarán relacionadas cos servizos mínimos previstos no artigo 26.1a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local: alumeadado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso ao núcleo de poboación e pavimentación de vías públicas. Así mesmo, neste senso, poderán executar pequenas obras de reparación e mantemento de parques públicos, en relación a biblioteca municipal ou tratamento de residuos, de conformidade ao recoñecido no apartado b) do citado artigo. En definitiva, poderán desenrolar tarefas propias da súa capacitación profesional e vinculadas ao eido competencial dos municipios de menos de 20.000 habitantes.

CUARTO.- Requisitos das persoas aspirantes.

Os requisitos xerais para participar na convocatoria adecúanse ao determinado no artigo 56.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, así como o disposto no artigo 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e que a continuación se detallan:

- a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo a citada lexislación, permita acceder ao emprego público. Neste senso, poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións que os españois, as persoas que posúan nacionalidade de outros estados membros da Unión Europea así como aquelas outras persoas, independentemente da súa nacionalidade que se atopen en algún dos supostos recoñecidos pola devandita lexislación.
- b) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións ou tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao exercicio de funcións públicas. No caso de ser nacional de outro Estado membro da Unión Europea,

non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado de procedencia, o acceso e exercicio de funcións públicas nos citados termos.

e) As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo, ou á data da convocatoria e figurar inscritos como demandantes de emprego nas Oficinas do INEM na data de inicio do proceso selectivo, e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión socio-laboral que se indican de seguido:

- Mulleres.
- Maiores de 45 anos.
- Menores de 30 anos.
- Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% e así recoñecido pola Administración Pública competente.
- Persoas desempregadas de longa duración . Aos efectos deste programa, aqueles que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos.
- Persoas con discapacidade: igual ou superior ao 33 %
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

f) Estar en posesión do Celga 1 ou equivalente. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía realizarase unha proba oral de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que se cualificará como apto ou non apto (art. 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015, de 29 de abril).

Tódolos requisitos indicados deberán acreditarse no intre de concorrer á sinatura do oportuno contrato laboral temporal e deberán referirse, en todo caso, á data de publicación das presentes bases reguladoras.

QUINTO.- Presentación de solicitudes.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP da Coruña.

As solicitudes para tomar parte nas probas selectivas deberán presentarse conforme ó modelo que figura no Anexo I ante a Oficina Xeral do Concello de Valdoviño e demais canles recoñecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e acreditar inescusablemente a seguinte documentación:

- a) Copia do Documento Nacional de Identidades ou Pasaporte.
- b) O xustificante de Demanda de Emprego, debidamente actualizado.
- c) A documentación acreditativa da situación de exclusión da persoa solicitante:

- As persoas desempregadas de longa duración deberán achegar o informe de vida laboral actualizado.

- As persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% presentarán fotocopia do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente.

- As persoas en situación de drogodependencia, que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas con fogar monoparental, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, así como para as persoas vítimas de violencia de xénero e/ou persoas sen fogar achegarán informe dos servizos sociais municipais.

d) As certificacións dos cursos realizados e baremables, según o enunciado no apartado seguinte.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, mediante Resolución de Alcaldía se aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos que se publicará no taboleiro de edictos do Concello de Valdoviño e na páxina web municipal. Indicarase o motivo de exclusión e disporán dun prazo de 3 días naturais para a subsanación da falta ou achega dos documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, se entenderá que a persoa solicitante desiste da súa petición, conforme o enunciado no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Tódalas subsanacións efectuadas serán aceptadas ou rexeitas na Resolución de Alcaldía que aprobe a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas, publicada no taboleiro de edictos do Concello de Valdoviño e na páxina web municipal que tamén determinará a composición do Tribunal avaliador -de non terse designado nun momento anterior- e o lugar, a data e a hora de realización do proceso selectivo detallado no apartado sexto das presentes Bases.

Contra a devandita Resolución de Alcaldía que aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contenciosa-administrativa, contados a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de edictos municipal e na páxina web do Concello de Valdoviño.

As sucesivas Resolucións de Alcaldía serán expostas no devandito taboleiro de edictos e publicadas na páxina web municipal.

SEXTO.- Desenrolo do proceso selectivo.

O proceso selectivo será axustado aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade de conformidade ao previsto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e no resto do ordenamento xurídico. De igual xeito, o proceso selectivo se adecuará a os principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

Neste senso, o procedemento de selección do persoal laboral temporal será o concurso-oposición e o baremo aplicable se axustará aos seguintes criterios.

Fase concurso

Os cursos valoraranse da seguinte maneira e obterán un máximo de 4 puntos.

- Curso Prevención de Riscos Laborais (hasta 60 horas): 1 puntos.
- Curso Prevención de Riscos Laborais (hasta 30 horas): 0,5 punto.
- Curso de Coñecemento Medioambiental (hasta 20 horas): 1 puntos.
- Curso de Coñecemento Medioambiental (hasta 10 horas): 0,5 punto.
- Ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas: 0,5 punto.

Fase oposición

1º Exercizo

Os aspirantes ao posto de peón e ao posto de albanel realizarán 1 proba práctica relacionada coas tarefas correspondentes ao posto a desempeñar. Puntuarase de 0 a 6 puntos, debendo acadar un mínimo de 3 puntos para superala proba.

2º. Exercizo

Celga 1: Aquelas persoas aspirantes que non presenten a titulación Celga 1 solicitada nestas bases, realizarán unha proba oral de galego, establecida polo tribunal, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que se calificará como apto ou non apto. A calificación na proba como non apto supón a exclusión por parte do/a candidato/a do procedemento de selección.

Este exercicio realizarase unha vez rematada a proba práctica da fase de oposición, de forma que os/as aspirantes que se atopen nas circunstancias do apartado anterior serán chamados para a realización desta proba.

Cualificación final

A cualificación definitiva será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un das fases do concurso-oposición. De tal xeito, despois de rematar as probas, o tribunal propondrá a contratación dos aspirante que, na suma total das puntuacións asignadas no concurso-oposición obtivera a maior puntuación.

SÉTIMO.- Tribunal Cualificador.

O órgano de selección será colexiado e a súa composición será axustada aos principios de imparcialidade e profesionalidade enunciados no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Emprego Público. Neste senso, o Tribunal cualificador determinado por Resolución de Alcaldía tenderá a paridade entre homes e mulleres, estará formado por un número impar de persoal funcionario de carreira ou laboral fíxo que deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso as prazas obxecto da presente convocatoria e non realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

A pertenza ao órgano de selección designado será a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Así, o Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros titulares ou suplementes, indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario do órgano de selección designado.

O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que poidan xurdir e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes Bases. Os membros do órgano de selección percibirán asistencias polas sesións precisas para o correcto desenrolo e avaliación do citado proceso selectivo a realizar, segundo reconece o Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

OITAVO.- Proposta de contratación.

Concluída a baremación dos méritos achegados, o Tribunal cualificador publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Valdoviño e na páxina web municipal a relación de persoas aspirantes por orde de puntuación total final.

A comisión seleccionadora elevará á Alcaldía a correspondente proposta de contratación a favor das persoas aspirantes que obtiveran as puntuacións finais máis altas. Neste senso, o Tribunal cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas ou propostas.

No suposto de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos esixidos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou calquera outro suposto no que o aspirante non chegue a formalizar o contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo pola seguinte persoa aspirante na orde de puntuación acadada na listaxe definitiva, de conformidade a lexislación vixente. No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar as probas ou non presentarse ninguén a esta, o Alcalde queda autorizado a convocalo proceso novamente en cantas ocasións fose preciso, en consonancias ás presentes Bases reguladoras.

NOVENO.- Formalización do contrato.

O órgano competente da corporación procederá a formalización do contrato laboral temporal a favor das persoas aspirantes propostas pola comisión avaliadora que se efectuará dentro do prazo de cinco días naturais, a contar dende a data de notificación do acordo de contratación. Se a persoa interesada non formaliza o contrato no prazo indicado perderá tódolos dereitos adquiridos pola convocatoria e nomeamento conferido, quedando en situación de cesante. Así mesmo, será nula a contratación da persoa proposta que estea incurso en causa de incapacidade específica, conforme a normativa vixente.

Mentres non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a persoa aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

Previa formalización e sinatura do contrato, a persoa aspirante deberá achegar a seguinte documentación:

- Informe médico/Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, onde se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións propias do posto.
- Declaración xurada de non concorrer nas causas de incompatibilidade ou prohibición para ser empregado público.
- Documentación acreditativa da situación de exclusión social.

DECIMO.- Protección de datos de carácter persoal

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporárase nun ou varios ficheiros, do/s que é responsable o Concello de Valdoviño, con sede en Avenida Porta do Sol, nº 25.

A finalidade do tratamento é o procedemento de selección e contratación laboral temporal para cubrir os postos que se refiren as presentes bases, dentro do Programa de Integración Laboral subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña .

Mediante a participación neste proceso, as persoas aspirantes manifestan o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade antes indicada que comprende o rexistro de solicitudes de aspirantes, a cualificación de probas e avaliación das persoas candidatas, así como a provisión de postos e confección de listas de substitución.

Os datos serán conservados durante o prazo estritamente necesario para cumprir coa finalidade antes indicada.

UNDÉCIMO.- Réxime xurídico

Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e forma establecidos na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo

DUODÉCIMO.-Recursos.

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con carácter potestativo e previo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, en virtude do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia. Si se opta por interpoñer recurso de

reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses a contar dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que o/a interesado/a considera procedente.



ANEXO I

SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UN ALBANEL OFICIAL DE SEGUNDA E CATRO PEÓNS ORDINARIOS

D./ Dona _____ con D.N.I. n.º _____ e enderezo a efectos de notificacións en _____ da localidade de _____, Provincia de _____, C.P.; _____ e con número de teléfono de contacto _____.

En virtude da convocatoria emitida polo Concello de Valdoviño para a provisión en réxime laboral temporal de un albanel oficial de segunda e catro peóns ordinarios do Programa de Integración Laboral para a execución de obras e servizos mínimos municipais.

MANIFESTA que reúne todas e cada unha das condicións de acceso ao proceso de selección e polo tanto SOLICITA se teña por presentado este escrito en tempo e forma, e se me declare admitido/a para formar parte en calidade de aspirante no proceso.

ALBANEL OFICIAL DE SEGUNDA

PEÓN ORDINARIO

ACHEGA a seguinte documentación

- | | |
|--------------------------|---|
| <input type="checkbox"/> | Copia do Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte. |
| <input type="checkbox"/> | Copia do Xustificante de Demandante de Empleo, actualizado. |
| <input type="checkbox"/> | Acreditación dos cursos baremable |
| <input type="checkbox"/> | Celga 1 ou equivalente |
| <input type="checkbox"/> | Autorización cesión de datos persoais (anexo II) |

Obrigatorio achegar a documentación que acredite que a persoa solicitante está incurso nalgunha das situacións numeradas

Mulleres, persoas maiores de 45 anos e menores de 30 anos.	Fotocopia do DNI
Persoas desempregada de longa duración (que leven 1 ano inscritas como demandantes de emprego)	Informe de vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Certificado acreditativo de discapacidade = >33 %.
Persoas en situación de drogodependencia	Informe dos Servizos Sociais municipais
Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego	
Persoas con fogar monoparental	
Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais	
Persoas vítimas de violencia de xénero	
Persoas sen fogar	

Por todo o exposto, SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido ás probas selectivas para a contratación laboral temporal de un albanel oficial de segunda e catro peóns ordinarios

En _____, a ____ de _____ de 2026.

Asdo.: _____



ANEXO II

AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE DATOS PERSOAIS

Don/Dona	
D.N.I. núm.	
Entidade	CONCELLO DE VALDOVIÑO
N.I.F entidade	P1508800H

Autorizo a entidade sinalada para a cesión á Deputación de A Coruña dos datos persoais relacionados co meu contrato de traballo para os efectos de presentalos como xustificantes de gasto dunha subvención.

En Valdoviño, a de do 2026.

Sinatura:

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE NA DATA INDICADA Á MARXE/